3º ESO

1.- Le a teoría sobre o pronome persoal (Páxina 138 e seguintes do libro de texto)

2.- Fai os seguintes exercicios:

Páxina 140 (exercico 2)

Páxina 141 (exercicos 5, 6, 7, 8, 9)

3 -Le a teoría da páxina 142

4.- Fai os seguintes exercicios:

Páxina 143 (1, 2, 3, 4)

Exercicios

1. Copia as seguintes palabras e complétaas con b ou v, segundo corresponda:

...aila...a	…iolóxico	sua…e	in…erno	ad…ertir	ad…erso
…er	…isexual	atri…uír	…ulicio	…usto	sucum…ir
…u…ela	esti…ese	reci…ir	…ronquio	…endicir	…ir
…isíla…a	…ramar	insectí…oro	ti…eches	…ol…ían	mo…er
…urro	esta…a	…ul…o	o…io	con…ersar	sor…er
oncea…o	…illa	ser…ente			

2. Pon os b e v que faltan:

– ...en te ...exo e ...en te coñezo.

– Mira que ...en!

– Eu non sei se Cristo…o ...én á túa casa.

– Eles non ...en ...en.

– Corre! ...en aquí axiña!

3. Copia as seguintes oracións e subliña todos os pronomes persoais:

– Ti es enxeñeira.

– Os máis simpáticos somos nós.

– Faleille de ti ao director da obra.

– A obra de teatro foi escrita por nós.

– Chameina a ela por teléfono.

– Díxenche toda a verdade.

– Meu irmán fíxome un muíño de papel polo meu aniversario.

• Indica que función cumpren na oración.

• Clasifícaos en tónicos e átonos.

4. Copia e analiza todos os pronomes que hai no seguinte texto:

Aquela muller percibiu que a fitaba e apartou a ollada da pantalla para mirala, provocándolle un repentino calafrío. Desviou axiña a mirada daquel rostro baleiro e paseouna pola cotidianidade vulgar do despacho para tranquilizarse, cara ao despacho de Xacobe. Alí estaba el, sentado no seu despacho; víao a través dun vidro con persianas semicerradas que lle permitían ver desde dentro cara a fóra, de maneira que tiña que saber perfectamente que ela estaba alí agardando.

Suso de Toro: Trece badaladas, Edicións Xerais.

5. Transforma as seguintes oracións utilizando os pronomes de cortesía:

– Nunca che dei o que me pediches.

– Ti non podes ir con eles.

– Non marchedes, enseguida vos atendo.

– Vós non sabedes o que pasa na vila, porque só vides nas vacacións.

6. Completa cos pronomes tónicos necesarios:

– ... teño o costume de agardar por ... (2.ª p. pl.).

– ..., como son arquitectos, teñen un sentido do espazo do que ... carecemos.

– Tes ... o meu libro de cociña ou téñeno ... ?

– ..., os franceses, coidades moito as aparencias; en cambio a ... (3.ª p. sing.) non lle interesan tanto.

– Sabela é máis traballadora ca ... (1.ª p. sing.) e ca ... (2ª p. sing.).

– Lévame (con) ... (2.ª p. sing.).

– El sempre leva (con) ... (3.ª p. sing.) o retrato dos fillos.

7. Substitúe o subliñado polo pronome átono e fai as contraccións necesarias:

– Non vou contar a ninguén o que ocorreu aquí esta tarde.

– O adestrador díxonos que xogabamos moi ben.

– Non me pidas que te esqueza.

– Non tiven máis remedio que recoñecer ao meu rival o seu triunfo.

– Non tivemos máis remedio que recoñecer aos rivais a súa superioridade.

– O presidente da federación entregou a copa aos gañadores.

– Meu pai preparou unha comida riquísima.

– Quen regalou a ti esa mochila tan chula?

– Anxo mandou unha carta a seus avós.

8. Transforma substituíndo ti por vostede/vós:

– Fago isto para que ti te lembres de min.

– Se ti vés pola mañá, imos comer xuntos.

– Estamos aquí porque ti o quixeches así.

– Tanto como traballaches ti, traballei eu.

9. Elixe **te** ou **che** para encher os ocos; ten coidado coa acentuación:

– Dixo... que non ... moveses.

– Levou... o libro de agasallo.

– Levou... no seu coche a dar un paseo.

– Peiteou... o cabelo co cepillo.

– Peitean... co cepillo.

– Rifaron... os pais por chegares tarde?

– Cortou... a man sen querer.

– Cortou... sen querer.

– Leo... a carta que me chegou?

– Poño... na lista de invitados.

– Escoitei... por educación.

– Escoitei... a túa resposta por educación.

– Dixo... a verdade.

– Darei... a miña vida.

10. Coloca nos ocos **lle ou lles:**

– Aínda non ... fixen o encargo aos teus pais.

– Se ves a Mon, di... que estou agardando por el.

– Dixeron... que ... darían o prometido, que non fosen tan impacientes.

– Poderías... prestar a moto a Ramón?

– Entreguei... a túa carta a María.

11. Susbtitúe os pronomes te/che do exercicio 10 por lle/o, a, no, na e fai as concordancias oportunas.